





Foto: Verónica Salgueiriño Maceira

NOVEMBRO 2024

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



NOVEMBRO 2024

XESTIÓN CINBIO



Equipamentos

Microscopios

Mantemento dos microscopios Nikon NiE e Nikon TiU do servizo de microscopía.

Instalación de gases

Revisión Servigas das instalacións de gases.

Mobiliario M2

Licitación do mobiliario de laboratorio dos novos labs do M2.

Servizo bioexperimentación

Control ambiental das salas do servizo de bioexperimentación.

Climatización M5

OCA de eficiencia enerxética da climatización do M5.

Accesos

Posta en marcha dos controis de acceso con tarxeta nos laboratorios do M4, M5 e do laboratorio de investigación teórica.

Animalario

Reparación de porta hermética e do sistema de lavado de biberóns do animalario. Instalación de comportas de alto grao de estanqueidade para independizar as áreas de traballo do animalario como mellora nas labores de desinfección das instalacións.

#teamCINBIO

Lembramos que temos a disposición do #teamCINBIO o software de xestión CIENTIFIS, onde podedes actualizar o voso CV, fotografía, contacto, proxectos e información de grupo. Podedes actualizar o voso perfil de forma automática en cinbio.es

Instalación de novas infraestruturas científicas

- Sonicador bioruptor
- Láser violeta citómetro Cytotflex
- 10X Genomics Chromium iX
- Liquid handling Robot
- Microrreactor
- Esfera integradora
- Sistema de reciclaxe de disolventes orgánicos



LUIS LIZ ACADA UNHA SYNERGY GRANT

O investigador e líder do grupo de Nanomateriais Biomiméticos (Biomimat) do CINBIO acadou unha Synergy Grant cun orzamento de 9 millóns de euros para levar a cabo o proxecto CHIRAL-PRO co que se desenvolverán nanopartículas cunha xeometría específica para poder interactuar con determinadas proteínas. No consorcio do proxecto están tamén as universidades de Amberes e Michigan e o CIC biomaGUNE. [Máis información.](#)



Retos Igualdade

A líder do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, Verónica Salgueiriño, ofreceu a ponencia 'Retos das mulleres científicas na actualidade' na Reunión Plenaria da Rede de Políticas de Igualdade entre Mulleres e Homes nos Fondos Comunitarios, organizada polo Ministerio de Igualdade. [Máis info.](#)



Recoñecemento a Luis Liz

A Accademia Nazionale dei Lincei nomeou académico estranxeiro na categoría de Ciencias Físicas, Matemáticas e Naturais a Luis Liz Marzán, catedrático da Universidade de Vigo e investigador principal do grupo Nanomateriais Biomiméticos do CINBIO. [Máis información.](#)



CINBIO no RIES 2024

A líder do Laboratorio de Enfermidades Raras e subdirectora do CINBIO, Diana Valverde, participou na mesa redonda 'Perspectivas e desafíos da saúde global' no IX Fórum Internacional RIES 2024, organizado polo Clúster de Saúde de Galicia. [Máis información.](#)



Seminario Javier García

O 14 de novembro, o Prof. J. García Martínez, catedrático de Química Inorgánica e director do Laboratorio de Nanotecnología Molecular da Universidad de Alicante, ofreceu o seminario "Reimaginando nuestra relación con el planeta a escala molecular", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis info.](#)



Encontro do IISGalicia Sur

O martes 19 de novembro, a líder do grupo FunNanoBio, Isabel Pastoriza, e a xestora do CINBIO, Noa Caramés, participaron nunha mesa sobre innovación e tecnoloxías aplicadas á saúde no marco da VIII Xornada de Encontro do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur. [Máis información.](#)



Charla no MUNCYT

O mércores 20 de novembro, a líder do Laboratorio de Enfermidades Raras e subdirectora do CINBIO, Diana Valverde, ofreceu a charla 'Retos actuales en la investigación de enfermedades raras' dentro do ciclo promovido pola Fundación CorBI no museo MUNCYT da Coruña. [Máis información.](#)


NOVEMBRO 2024

NOVO VÍDEO CORPORATIVO

Con motivo da celebración do Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento, lanzamos un novo vídeo corporativo co fin de poñer en valor o traballo diario realizado polo #teamCINBIO, un equipo multidisciplinar formado por máis de 170 persoas que traballan cada día para crear e transferir coñecemento arredor da biomedicina e dos nanomateriais. [Ver vídeo.](#)

CINBIO, Centro de investigación en nanomateriais e biomedicina

259 visualizaciones • hace 2 semanas




Neurocircuits en GCIencia

O medio dixital especializado en contidos científicos, GCIencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo Neurocircuits do CINBIO. A reportaxe da a coñecer un estudo sobre a observación das reaccións da lamprea a estímulos visuais para afondar en patoloxías como a vertixe. [Máis información.](#)



Tese Carla Estévez Varela

O xoves 28 de novembro, Carla Estévez Varela, do Grupo de NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio) do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Synthesis and characterization of J-aggregate-based nanoparticles". [Máis información.](#)




Tese Daniel Otero

O venres 29 de novembro, Daniel Otero, do Grupo de Química Orgánica (ORCHID) do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Aproximación a la síntesis total de macrolactamas poliénicas aisladas de streptomyces". [Máis información.](#)



Charla divulgativa

O xoves 28 de novembro, a responsable do servizo de Citometría do CINBIO, Mercedes Peleteiro, participou nun encontro co alumnado de sexto de Primaria do CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares (Vigo), que tivo a oportunidade de entrevistala e achegarse ao apaixonante mundo da inmunoloxía a través a súa charla divulgativa. [Máis información.](#)



CinVigo 2025 abre o prazo de inscrición

A maquinaria para a celebración da **III edición do festival científico CinVigo** xa está en marcha. Baixo o lema *Ciencia na rúa* o CINBIO volverá a converter o centro de Vigo nun auténtico laboratorio no que o alumnado de ensino medio seguirá sendo o gran protagonista. Coa colaboración da FECYT, durante a fin de semana do **26 e 27 de abril de 2025**, o centro da cidade acollerá este evento de divulgación científica no que o público asistente poderá visitar os proxectos da feira científica e participar noutras actividades como a xincana ou os obradoiros de ciencia para público infantil. A feira científica de CinVigo, protagonizada por alumnado de ESO, Bacharelato e FP, volverá ser o foco de atención. O **prazo para inscribirse no concurso previo estará aberto ata o luns 10 de febreiro**, incluído. Os centros educativos ou de ensinanza non regrada interesados en participar poden consultar as [bases do concurso](#) así como o [formulario de inscrición](#) na páxina web do evento. [Máis información.](#)

DECEMBRO 2024

PRÓXIMOS EVENTOS



#teamCINBIO

Xoves 19 de decembro: #teamCINBIO GATHERING

O xoves 19 de decembro celebraremos unha **xornada de reunión do #teamCINBIO** para poñer en común as liñas estratéxicas que marcarán o futuro do noso centro.

A xuntanza tamén incluírá un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que defenderon a súa tese de doutoramento durante este 2024 e presentaremos as fotos finalistas do concurso de fotografía do CINBIO, ademais de realizar o sorteo final.

O evento terá lugar **na sala do CITEXVI ás 12:00 h.** Para asistir **é necesario inscribirse previamente no formulario da nosa web.**



#TEAMCINBIO GATHERING **Xornada de proxección do centro**

12.00h - Inicio do evento
12.10 h - Presentación de resultados 2024 e estratexia de 2025
12.40h - Teses 2024: entrega detalles e breve discurso representantes
12.55h - Presentación finalistas concurso de fotografía e sorteo premios
13.10 h - Final evento
13.15 h - Viño galego (corredor seminarios)

XOVES 19 DECEMBRO SALA CITEXVI

NECESARIA INSCRIPCIÓN

cinbio@uvigo.gal




CINBIO Universidade de Vigo XUNTA DE GALICIA Rede CIGUS Colaboración por la Unión Europea Fondos Europeos

#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistras. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo “Coñece ao #teamCINBIO”, non dubidedes en facérnolo saber.

Formación

5 de decembro: Seminario de Marta Varela Rey




O xoves 5 de decembro, Marta Varela Rey (*Gene Regulatory Control in Liver Disease Laboratory, Center for Research in Molecular Medicine and Chronic Diseases - CiMUS*) ofrecerá o seminario “Hepatic levels of S-adenosylmethionine regulate the adaptive response to fasting” dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. Será ás 12.00 h na Sala de Seminarios da Torre CACTI.

[Máis información.](#)

Proximamente máis información:

- Xoves 12 de decembro ás 11:00 h.: Mónica Martínez Fernández (IISGS)
- Mércores 18 de decembro ás 11:00 h.: Seminario Claudia Pigliacelli (Politecnico di Milano)



cinbio.es

